

## CARVALHO CALERO E O REINTEGRACIONISMO

curso elaborado por Manuel César Vila, docente do CIFP Politécnico de Santiago

### CARVALHO POETA. CARVALHO MUSICADO

O próprio Carvalho Calero reconhece nas *Conversas em Compostela* com M.A. Fernández Vello e F. Pillado Mayor que: "-aínda que eu son polígrafo, xa que teño traballado en narrativa, en teatro e en ensaio-, creio que, efectivamente, o mais íntimo da miña personalidade está reflexado na poesía, até o extremo de que na mesma narrativa ou no mesmo teatro, considero que a parte mais persoal ou a parte mais orixinal, dentro da orixinalidade que cabe a un escritor do século XX depois de Xesucristo, é aquela que contén unha raíz lírica".

#### Carvalho Calero escribiu en poesía:

- *Trinitarias* (en castelán, 1928)
- *Vieiros* (1931)
- *La soledad confusa* (1932)
- *O silencio axionllado* (1934)
- *Anxo de terra* (1950)
- *Poemas pendurados de un cabelo* (1952)
- *Salterio de Fingoy* (1961).

#### Com o paso do tempo foi reunindo os seus poemas nos seguintes libros:

- *Pretérito imperfecto, 1927-1961* (1980)
- *Futuro condicional, 1961-1980* (1982)
- *Cantigas de amigo e outros poemas, 1980-1985* (1986)
- *Reticências, 1986-1989* (1990)
- *Poesía perdida* (1993)

## CARVALHO CALERO E O REINTEGRACIONISMO

curso elaborado por Manuel César Vila, docente do CIFP Politécnico de Santiago

Também com o passo do tempo a sua poesia foi sendo musicada como fiz José Luís Fernández Carnicero:

**Ligazón:** <https://youtu.be/FFzoWWeN08g>

**Pé de vídeo:** *Tres poemas de Carvalho Calero*

*Trata-se de umha obra, como também se pode dizer da obra narrativa, com uma enorme projeção noutras artes como a música e o cinema. Exemplo disto seria o filme Scórpio:*

**Ligazón:** <https://youtu.be/WOT0J76HQts>

**Pé de foto de Através Produtora:** Dentro das atividades da Rede Scórpio, a AGAL e Através Editora, com o apoio da Deputación da Corunha, lançam este vídeo de promoção do romance 'Scórpio', com o objetivo de reforçar a sua divulgação. Este booktrailer é obra da empresa Illa Bufarda [<http://illabufarda.gal/>] Para fazer seguimento de todas as atividades da 'Rede Scórpio' criaram-se uma página de Facebook e uma conta de Twitter: <https://www.facebook.com/RedeScorpio30/> <https://twitter.com/RedeScorpio30> O livro pode ser adquirido em livrarias ou na loja online da Através: <http://www.atraves-editora.com/loja/a...>

Aguardando que esta obra seja difundida e conhecida entre o povo galego, vamos finalizar esta apresentação de um dos grandes vultos da cultura galega de todos os tempos.